

Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de A Coruña.
Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

Expediente: IN408A 2018/37

Denominación do proxecto: Estudo de Impacto Ambiental do Parque Eólico Coto Loureiro

Promotor: ADELANTA CORPORACIÓN, S.A

Asunto: Solicitud de informe técnico.

Clave: DXDM 22/99

ANTECEDENTES

O 17.03.2022 solicitouse mediante o rexistro electrónico da Xunta de Galicia á Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural desde o Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de A Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación. un informe sobre "ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL DO PARQUE EÓLICO COTO LOUREIRO" situado nos concellos de A Laracha e Cerceda na provincia de A Coruña.

O 07.06.2022 solicitouse mediante o rexistro electrónico da Xunta de Galicia ó Servizo de Prevención de Incendios Forestais da provincia de A Coruña un informe para poder dar contestación ao Servizo de Enerxía e Minas.

O 01.07.2022 recibíuse mediante o rexistro electrónico da Xunta de Galicia ó informe realizado polo Xefe do Servizo de Prevención de Incendios Forestais A Coruña da Consellería do Medio Rural, no que se informa sobre o proxecto "ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL DO PARQUE EÓLICO COTO LOUREIRO", condicionado ao cumprimento das prescricións do Estudo de Impacto Ambiental e ao mantemento do establecido para as redes primarias de faixas de xestión de biomasa na lexislación vixente.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

No informe recibido polo Xefe do Servizo de Prevención de Incendios Forestais de A Coruña fai constar o seguinte:

- *"Non se ten constancia de afección do proxecto a infraestruturas propias do Servizo de Prevención de Incendios Forestais desta provincia ..."*

DIRECCIÓN XERAL DE DEFENSA DO MONTE
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

San Lázaro, s/n

15781 Santiago de Compostela

T. + 34 881 996 391

defensadomonte.mediorural@xunta.gal

mediorural.xunta.gal





A Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece no seu artigo 20 bis - Redes primarias de faixas de xestión de biomasa, apartado c), as seguintes obrigas de xestión de biomasa:

"c) Nas instalacións de produción de enerxía eléctrica eólica deberá xestionarse a biomasa na superficie afectada de pleno dominio e voo, de acordo co establecido no Plan sectorial eólico de Galicia, ao redor de cada aeroxerador de produción de enerxía eléctrica eólica instalado.

Así mesmo, nos camiños interiores das ditas instalacións a xestión da biomasa vexetal, no estrato arbustivo e subarbustivo, farase nos 5 metros desde a aresta exterior do camiño. Neste último suposto, non se exixirá a retirada de árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

.....
Para todas as instalacións indicadas nesta letra, a xestión da biomasa incluírá a retirada desta por parte da persoa que resulte responsable consonte o artigo 21 ter."

INFORME

En base ó anterior e tendo en conta os condicionantes recollidos nas consideracións legais e técnicas (mantemento permanente do acceso dos medios dos servizos de prevención de incendios forestais) infórmase FAVORABLEMENTE a realización do proxecto de ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL DO PARQUE EÓLICO COTO LOUREIRO situado nos concellos de A Laracha e Cerceda na provincia de A Coruña.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O Director xeral de Defensa do Monte
Manuel Rodríguez Vázquez

